



Veciñanza propondrá a elaboración dun regulamento de participación veciñal e transparencia

A iniciativa procura a elaboración dunha ordenanza municipal que regule as vías de participación veciñal na vida municipal, garanta dereitos de acceso á información, achegue a xestión aos veciños/as e fomenta activamente a participación veciñal. Varias das medidas propostas recollíanse xa no programa electoral co que Veciñanza concorreu ás eleccións de 2015.

Cuntis, 24 de setembro de 2018. Veciñanza presentará no próximo pleno municipal unha moción para impulsar a elaboración dun regulamento de participación veciñal e transparencia. Cuntis carece de normativa específica que regule a maneira na que os/as veciños/as poden facer parte da vida municipal a efectos de presentación de iniciativas, así como as garantías básicas en materia de dereitos de información.

A iniciativa recolle que *“O dereito de veciños e veciñas a participar na toma de decisións no ámbito local, ao acceso á información e á participación no funcionamento das institucións constitúe **un dos eixos principais dunha sociedade democrática**. A institución municipal é a administración máis próxima ao/á cidadán/á e, polo tanto, debe incidir de maneira especial en preservar o exercicio deste dereito. Promover, facilitar e canalizar a participación veciñal, así como a eficacia e a transparencia na xestión debe ser unha das súas principais motivacións”*. Do mesmo xeito, incide en *“é **precisamente no eido local onde é máis factible evolucionar da democracia representativa á democracia participativa**. Os concellos deben dispoñer as vías administrativas necesarias para que poida ser efectiva a participación tanto individual como a colectiva por medio de entidades, asociacións e outras organizacións veciñais”*.

A iniciativa de Veciñanza fixa como obxectivos, entre outros, o de **facilitar o acceso á información** de toda a actividade municipal; **promover activamente a participación** de veciños/as e asociacións; **informar sobre os grandes asuntos municipais**; **garantir dereitos** cidadáns; **difundir convocatorias e actas plenarias**, etc. Para isto, propón varias medidas que deba recoller a futura ordenanza na que se materialice esta iniciativa. **Moitas das cales estaban fixadas xa no programa electoral co que Veciñanza concorreu ás eleccións de 2015:**

- Regular a participación veciñal nas sesións plenarias.
- Difundir debidamente as convocatorias e ordes do día dos plenos.





veciñanza

- Establecer a creación de Mesas Locais Sectoriais (comercio, cultura, educación, emprego, saúde, etc.) con regulamentos aprobados polo Pleno.
- Garantir a participación veciñal na elaboración dos orzamentos, reservando unha contía a tal fin
- Creación e regulamento dos Consellos Parroquiais
- Articular alternativas de descentralización da administración local
- Potenciación e fomento do uso de novas tecnoloxías da información e a comunicación

Veciñanza agarda contar co apoio do resto de grupos para a aprobación desta iniciativa e, se é o caso, que o Grupo de Goberno asuma a idea en base ao seu propio compromiso de transparencia e fomento da participación, exhibido como un dos alicerces do Pacto de Goberno.

